

EMILIA PÉREZ

Jacques Audiard, 2024

1419

ESTREA EN NUMAX: 05.12.2024 | V.O. | +16 | 130 min

México, hoxe. A avogada Rita recibe unha oferta inesperada. Ten que axudar un temido líder dun cártel a retirarse dos seus negocios e desaparecer para sempre converténdose na muller que sempre soñou ser.

Filme especialmente recomendado polo seu fomento da igualdade de xénero (ICAA)

«Un impresionante musical trans sobre o narcotráfico. Audiard lánzase ao baleiro sen rede no seu filme máis grande e ambicioso»

Javier Zurro, ELDIARIO.ES



Un descomunal musical narcocorrido trans

Por Luis Martínez

No súa radicalidade, calquera expresión artística aspira a ser só música. E non o dicimos nós, senón Schopenhauer, que ata cando se equivocaba tiña razón. A música é, no seu ideario, a forma de expresar, sen obxectivacións de ningún tipo, a pura abstracción que é a Vontade (é dicir, o coñecemento puro, o noumeno). E non me miren así. Jacques Audiard, aínda que francés, é capaz de ler o alemán e, xa postos, de rodar en español. E como resultado, a súa última película é un musical-narcocorrido-trans tan delicado como brutal, brillante en cada un dos seus xestos máis escuros e irresistible de puro disparatado. Que lles parece?

Poucas películas como *Emilia Pérez* tan ben situadas xusto no borde, no límite exacto entre o un e o outro, entre o sublime e o extravagante, entre o insignificante e o desproporcionado. Entre, dicíamos, a vontade e a representación. Ao malhumorado filósofo alemán teríalle mudado o ánimo sen dubidalo ante este feliz delirio. Jacques Audiard, sempre empeñado en non ficar quedo, propón agora un musical, pero coa textura do melodrama, o ritmo do thriller e a aversión ás regras da comedia disparatada. Por momentos, lembra á exuberancia fútil dos alardes de Busby Berkeley, noutros intres camúflase entre a gramática do polar francés clásico e, cando quere, cita até ao propio Almodóvar. A todo se atreve, todo tenta. Puro mezcál fílmico que igual festexa o narcocorrido que se desfai en bágoas abrazado á mesmísima Chavela.

Audiard que fixo do seu cinema unha experiencia física e sempre a flor de pel capaz de achegarse por igual ao wéstern (*Os irmáns Sisters*) que ao relato apenas murmuado (*París, Distrito 13*), ao drama de viva voz (*De latexar, o meu corazón parou*) que á simple e pura febre (*Un profeta* ou *Dheepan*), acepta e entende que a mellor maneira de achegarse á realidade é prescindir dela. Un musical, por definición, é mentira; un musical suspende o pacto co espectador e somete o principio de verosimilitude a unha paréntese. E é entón, lonxe do chan, cando as paixóns xorden libres de referencias materiais só pendentes do ruído que producen ao rozarse, chocar ou ignorarse.

A película avanza de sorpresa en sorpresa, pero non tanto con ánimo de deixar sen respiración á audiencia, que un pouco si, como simplemente de voar. O que importa en todo momento, aínda que se fale das maiores atrocidades mundanas, é non pisar terra. Toda *Emilia Pérez* é unha fábula non tanto feminista como xineceica. E moi trans. Na súa violenta inxenuidade perfectamente consciente de si, o que propón é que quen cambia o corpo, cambia a alma. E quen cambia a alma, cambia a sociedade. Por resumilo moito, J. K. Rowling non pode estar máis en desacordo. Pero, doutra banda, os que fan desaparecer xente en México ou maltratan á súa parella son -non pode ser só casualidade- homes na súa inmensa maioría.

O dueto cantado entre a avogada e o cirurxián israelí a media voz; os planos cenitais na clínica hipermoderna de estética ao estilo das coreografías acuáticas de Esther Williams; o 'rapeado' de Saldaña na cea de recadación de fondos... Os achados son tantos que non queda outra que bailar e festexar que o noumeno está aí, ao alcance da man.